

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA CIVIL

LUGAR: Sala de Grados I da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

DATA: 3 decembro de 2019

HORA DE COMEZO: 13:05 h

HORA DE REMATE: 13:50 h

ASISTENTES:

Juan Román Acinas García

Julia Álvarez García

Viviana Barneche Naya

Victor Barrientos Rodríguez

Diego Carro López

Luis Cea Gómez

Javier Eiras López

Ángel José Fariñá Lamosa

Jesús Fernández Rúa

María Belén González Fonteboa

Luis Antonio Hernández Ibáñez

Juan Alfredo Jácome Burgos

Enrique Maciñeira Alonso

Fernando Martínez Abella

María Isabel Martínez Lage

María Rocío Mihura López

Alfonso Orro Arcay

Luis Pena Mosquera

Alexandre Ismael Prada Varela

Juan Luis Pérez Ordóñez

Ana María Rodríguez Pasandín

José Sande González-Cela

Gumersinda Seara Paz

Joaquín Suarez López

Francisco Javier Taibo Pena

Ana María Vázquez González

ESCUSAN A SÚA AUSENCIA:

José Anta Álvarez

Alfredo Del Caño Gochi

María Pilar De La Cruz López

Fátima Davite Aguiar

José Ramón Méndez Salgueiro
Luis Montenegro Pérez
Acacia Naves-García Rendueles
Margarita Novales Ordax
Enrique Peña González

Ignacio Pérez Pérez
Francisco Javier Samper Calvete
José Antonio Seoane Nolasco
Francisco Alberto Varela García

Preside a Sesión a Sra María Isabel Martínez Lage, directora do Departamento. Actúa como secretaria a Sra. Julia Álvarez García.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores

Apróbanse por asentimento as actas da reunión ordinaria do 2 de xullo do 2019 e a extraordinaria do 19 de setembro do 2019 .

2. Informe da directora

A Directora informa neste apartado das últimas modificacións que afectaron ao profesorado do departamento. Dende a última reunión do consello, resolvéronse todas as prazas que estaban en marcha, agás a concedida en setembro.

As prazas de Contratadas Doutoradas conseguíronas, na Área de Enxeñería e Infraestrutura dos Transportes a profesora Ana Rodríguez Pasandín, e a da Área de Enxeñería da Construción a profesora Gumersinda Seara Paz.

A praza de Profesora Asociada P6 da área de Proxectos de Enxeñería de Ferrol conseguiu a profesora Cristina Prado Acebo, a cal, xa está incorporada ao Departamento, pero non forma parte do Consello.

Tamén se resolveron as dúas prazas de profesores funcionarios que estaban en trámite. A praza de Profesor Titular de Universidade na Área de Enxeñería de Construción gañouna o Profesor Juan Luis Pérez Ordóñez, e a de Catedrático de Universidade na Área de Enxeñería Hidráulica o Profesor Enrique Peña González.

En setembro resolvéronse dúas prazas da Área de Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogramétrica. A de Profesor Asociado P6 gañouna Luis Omar Álvarez Mures e a de Interino de Substitución a Tempo Completo Fátima Devite Aguiar. Ambos se incorporaron ao Departamento, e Fátima forma parte do Consello.

Queda en marcha a praza convocada en setembro (19/149). Publicóuse a relación provisional de candidatos, pero non a definitiva.

3. Solicitudes de avaliación da actividade docente (quinquenios)

A directora informa das solicitudes de avaliación docente recibidas no departamento e as traslada o Consello para a súa aprobación:

Solicitaron a avaliación da docencia os profesores:

Miguel Rodríguez Bugarín, José Ramón Méndez Salgueiro, F. Alberto Varela García, Jorge Delgado Martínez, Juan Luis Pérez Ordóñez, Joaquín Suárez López, Alfredo del Caño Gochi, Luis Hernández Ibáñez, Isabel Martínez Lage y Fernando Martínez Abella.

A directora solicita a aprobación das solicitudes presentadas e a delegación na Directora da aprobación doutra solicitude que poida aparecer.

Apróbanse por asentimento.

4. Modificacións do POD do curso 2019/2020

A directora trae para a súa aprobación diversas modificacións do POD aprobado, todas elas a petición das áreas.

a) *Área de Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría.* Nesta área entraron dous profesores novos, e outra praza que está en concurso neste momento. Desde a Reitoría aumentáronse os grupos de prácticas no grado de *Creación Dixital, Animación e Videoxogos*, todo isto provocou grandes cambios no POD. El Área trae a súa proposta para aprobación.

Apróbase por asentimento os cambios no POD da área.

b) *Área de Enxeñería Hidráulica.* Dado que Raquel Costa, becaria FPI da área, solicitou impartir docencia, dende a área acordaron asinarlle, 5 HDI da materia "*Obras Marítimas e portuarias*" e outras 5 HDI na materia "*Augas de transición costeira*", que no POD figuraban asignadas ao profesor Enrique Peña.

No POD aprobado non figuraba a materia de "*Obras Costeiras*", por falta de alumnos o curso pasado. Como neste curso matriculáronse un número suficiente de alumnos, desde a Reitoría piden ao Departamento que se cubra o POD da materia.

A proposta da Área é: . 5 HDI son asignadas a Raquel Costa, 4HDE e 1,5 HDI asignadas ao profesor Enrique Peña, 8,5 HDE e 2 HDI asignadas ao profesor José Sande, e 8,5 HDE e 2 HDI ao profesor Ricardo Babío.

Apróbanse por asentimento os cambios.

c) *Área de Proxectos de Enxeñería.* Neste caso a Área presentan unha proposta para asignación da docencia á nova profesora Cristina Prado Acebo. A10 HDE e 16 HDI de Tecnoloxías de desenvolvemento de produto, 2 HDE de Deseño básico, 7 HDE de Metodoloxía do deseño, 16 HDE e 45 HDI de Deseño e produto, 11 HDE de Proxectos de

deseño II, 20 HDE de Proxecto fin de grao e 10 HDE e 21 HDI de Técnicas de expresión artística aplicada

Apróbase por asentimento a proposta.

d) *Mestrado de Enxeñería da Auga*, Neste caso como tiveron 41 matriculados desde a Reitoría aumentaron a 2 os grupos de prácticas. A proposta que trae a Directora do Mestrado, acordado co resto do profesorado que imparte docencia, é que o POD do segundo grupo sexa o mesmo co do primeiro grupo, salvo na materia de “Física, Química e calidade da auga”, neste caso asíñanselle 10 horas ao Profesor Victor Barrientos, e á Profesora Ana Vázquez e ao Profesor Jordi Delgado, 10 horas máis a cada un deles.

Apróbase por asentimento a proposta.

5. Apoio á solicitude de declaración de “Ben de Interese Cultural “ da Enxeñería de Galicia ao Coido de Bares

O profesor Juan Acinas presenta ao Consello a proposta para a Declaración como Ben de Interese Cultural da Enxeñería de Galicia do Coido de Bares, e pide o apoio do Consello a esta solicitude.

O profesor informa de que é o porto máis vello de Galicia en funcionamento, e probablemente de España. Pola súa privilexiada situación foi declarado “Puerto de Interés General “ en 1895.

Considera que a solicitude está sostida tanto pola súa historia, como polo uso actual, e como referente da enxeñería en Galicia. E por outra banda, se non se protexe, considera que o porto atoparíase en perigo de desaparición. Tanto pola ocupación do seu espazo e entorno por construcións sen control, como pola chegada incontrolada de turistas ao porto de Bares, e pola falta de mantemento, as sucesivas tormentas causan danos que no son reparados e están a causar una degradación progresiva, e se non se remedia, a súa desaparición.

No 1897 o enxeñeiro José Real realizou un dos primeiros traballos sobre este porto “Proxecto de recuperación da antiga escollera do Porto de Bares”. Nos anos 30 do século XX Federico Maciñeira realiza diversos traballos e escavacións para coñecer o valor histórico do porto.

Apróbase por asentimento a proposta de apoio do Consello a Declaración como Ben de Interese cultural do Coido de Bares.

6. Asuntos de trámite

Non existen asuntos de trámite

7. Quenda aberta de palabra

O profesor Padilla presenta ao consello a súa proposta de creación dun Grado en Enxeñería Civil e Ambiental, e a oportunidade de crealo neste momento na Escola de Camiños. A proposta foi enviada aos membros do consello.

Dado que a proposta non estaba no orde do día o profesor a presenta neste punto, entende que o consello de departamento é unha oportunidade de presentala, e de debatela. A proposta presentouna na Comisión estratéxica da Escola de Camiños que está a estudar a situación das diferentes titulacións que se imparten, e as opcións de impartir novos grados o mestrados. E, segundo indica, a pesar do tempo transcorrido, non recibiu aínda resposta.

Considera que é un grado oportuno, xa que responde ás novas necesidades da sociedade, de implicación co medio ambiente, e que a Escola de Camiños e o centro adecuado para liderar este grado, polos coñecementos e investigacións das áreas que traballan na escola.

A profesora González Fonteboa contesta ao profesor Padilla que na Comisión Estratéxica da Escola de Camiños, da que ela e membro, nomeáronse diferentes subcomisión, e na de Análise de novos grados e mestrados analizouse a posibilidade de facer un grado o un Mestrado de Sostenibilidade, y concluíuse que o que parecía máis axeitado era ofrecer un Mestrado en Sostenibilidade en Enxeñería Civil.

A Directora recorda que a creación dun grado é complicada, xa que non se permite aos centros crear un número maior de grados dos que teñen. Polo que si se crea un, debería desaparecer outro.

O profesor Orro preguntalle ao profesor Padilla se entende o novo grado con atribucións ou sen elas.

O Profesor Padilla contesta que a súa proposta é preliminar, e deberán ser os profesores enxeñeiros da escola os que deben decidir aspectos coma este. Considera que a formación debe ser de grado e debe ir da man coa Enxeñería Civil e medio ambiente.

O profesor Martínez Abella pregunta cal é a opción do departamento.

A Directora contéstalle, que neste punto é unicamente un asunto de debate, xa que a creación dun novo grado é un tema da Escola.

O profesor Martínez Abella di que coñecía a proposta e considera que é o camiño que debe seguirse na futura remodelación dos grados da Escola, sen saber se debe ser grao o mestrado.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión as 13:50 horas e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

A presidenta

Julia Álvarez García

María Isabel Martínez Lage